

## Igrexa de Santa María de Leiro – Rianxo (Galicia)

Mateo Vázquez Ares.



Data da construción: SS XII, XIII e XVIII

Descrición: Igrexa construída entre os séculos XII e XIII con engadidos barrocos. É de planta rectangular con ábsida cuadrangular na cabeceira. Esta está cuberta con bóveda estrelada e a nave principal con falsa bóveda de canón rebaixada. A cuberta, en tella, é a dúas augas. Os muros son de cachotaría en granito, excepto a fachada e a torre que son de cantería. A sancristía, cuadrangular, é un engadido a continuación da ábsida. A fachada

principal ten unha portada rectangular, posiblemente maior que a orixinal, xa que desborda o orixinario arco de medio punto enmarcado por xambas e con decoración floral nas arquivoltas. Sobre a porta, un dosel en forma de cuncha coa imaxe da Virxe con Cristo nos brazos. A continuación ábrese un pequeno rosetón. A torre, no lateral sur da fachada, é de planta cadrada e componse de tres tramos, o primeiro totalmente liso (século XIII), e os dous últimos de estilo barroco. Remata cunha pequena cúpula.

**Graffiti:** Nas campás existen numerosos grafitos realizados dende as súas colocacións na torre.

**Estado actual:** As campás non posúen ningunha electrificación, conservan uns cepos que non son orixinais (os actuais datan do ano 1995) e os badalos son os orixinais.

**Campás:** No campanario desta parroquia (unha das máis importantes do concello) existen dúas campás de uso litúrxico: A pequena do século XIX e a grande do século XX. Estas campás presentan un gran tamaño tendo en conta as medidas da torre, posicionándose como as máis grandes do concello de Rianxo.

**Toques tradicionais de campás:**

Todos os toques se manteñen e as persoas, tanto mozas como vellas sábemos diferenciar, unicamente desapareceu un toque do cal falaremos a continuación. Como é habitual na comarca do Barbanza, a campá grande estaba fixa e se repicaba tirando do badal. A pequena, a parte de todos estes usos, bandeábase en contadas ocasións como toque de difunto. Mediante unha corda atada á palanca de volteo do seu cabezal.

**Os toques que se levaban a cabo son:**

- Toques diarios: Antes a diario na parroquia oficiábase misa polas tardes, polo que había unha maneira de chamar á celebración:

1º toque: (30 minutos antes da misa) 33 toques da campá maior, uns segundos de espera e 1 toque da mesma campá.

2º toque: (15 minutos antes da misa) 33 toques da campá maior, uns segundos de espera e 2 toque da mesma campá.

3º toque (5 minutos antes da misa) 33 toques da campá maior, uns segundos de espera e 2 toque da mesma campá. Ao començar a misá tocábanse as denominadas “batalladas” que son 3 toques que se daban á campá maior.

- Toques a misa de domingo: Este toque realizábase na misa dos sábados á tarde e nas misas do domingo:

1º toque (30 minutos antes da misa): Repenique das dúas campás durante 1 ou 2 minutos e ao finalizar 1 toque da campá maior.

2º toque (15 minutos antes da misa): Repenique das dúas campás durante 1 ou 2 minutos e ao finalizar 2 toques da campá maior.

3º toque (5 minutos antes da misa): Repenique das dúas campás durante 1 ou 2 minutos e ao finalizar 2 toques da campá maior. Ao comezar a celebración, dábanse as denominadas “batalladas” mencionadas anteriormente.

- Señal difunta: Este toque realizábase no momento da morte do veciño e variaba se era home ou muller:

Señal de home: Comézase ca campá maior e consiste nun toque desta campá seguido doutro da pequena, deixando un espazo dun segundo entre cada golpe. Despois dun rato acelérase e cando se chega a un punto no que non se lles pode dar máis rápido párase. Ao ser home, nesta parroquia repítese isto 2 veces e ao remate danse 2 toques na campá maior.

Señal de muller: Neste caso comézase ca campá pequena e síguese o mesmo patrón que nun home. A diferenza é que ao ser muller, repítese 3 veces e ao finalizar, danse 3 toques ca campá pequena.

- Toques de difuntos: Existían 3 toques diferentes, que se clasifican da seguinte maneira: toque de difuntos para home, toque de difuntos para muller e anxo. Este último era realizado cando o falecido era un rapaz menor de 7 anos.

Para describilos, vámoslos dividir en dous: por un lado, os toques de difunto de home e muller e por outro, o de anxo.

Toques de difuntos de home e muller: O primeiro toque que se realizaba nesta parroquia era o día do entierro ás 12 do mediodía. A finalidade deste toque era informar á xente do día que era o entierro da persoa. O toque comeza ca campá grande se é home e a pequena se é muller e continúaase ca súa recesiva. O ritmo que leva márcase ca resonancia que deixan as campás, cando remataban de resoar dábase a seguinte campanada. A duración é entre 3 cuartos de hora ou media hora e ao final acelérase como no toque de señas. Ao rematar, se é muller danse 3 toques ca campá pequena e se é home danse 2 toques ca grande.

O segundo toque que se daba comezaba media hora antes do momento do inicio da eucaristía de “corpore insepulto”. Sigue o mesmo esquema que o anterior, pero o aceleramento comezaba cando se divisaba o féretro achegándose á igrexa. Cando vai entrar no templo, acelérase ata que non se pode máis e párase ca campá correspondente (grande si é home e pequena si é muller).

O terceiro toque realízase ao saír o féretro da igrexa para enterrar. Segue a mesma construción que o toque das señas, pero a diferenza está en que o acelere final realízase cando o corpo chega ao seu correspondente nicho, nese momento párase e cando o van meter na tumba, dáse un acelere curto, comezando e empezando ca campá correspondente (pequena si é muller e grande si é home)

Toque de anxo: este toque realizábase un cuarto de hora antes do inicio da misa do enterro do rapaz e consistía no bandeo da campá pequena, que finalizaba cando entraba o féretro na igrexa. Ao saír para enterrar, volvíase bandear a campá pequena ata que o corpo chegaba ao seu lugar de sepultura correspondente.

- Toque de lume ou arrebatado: Este toque realizábase cando ocurría un incendio nalgunha parte da parroquia. Neste caso as campás repinicábanse sen unha orde concreta dunha maneira moi rápida.

- Toque de mariñeiro: Este toque é característico desta comarca. Realizábase os días de brétemas moi densas e servía para avisar aos mariñeiros de donde estaba a terra para non perderse polo mar. Consistía en toques espaciados da campá maior.

Toques festivos: Estes servían para chamar á misa nos días de festa parroquial ou un día sinalado do calendario litúrxico. Tamén se empregaba nas procesións. Nas chamadas a misa, a única diferenza era que duraban máis. Nas procesións solíanse cambiar os repeniques, realizando varios con ritmos diferentes.

- Toque actuais de campás: Os toques, hoxe en día son os mesmos, excepto o toque de anxo, mariñeiro e lume, os cales desapareceron.

Dende o ano 2010 ata o ano 2021, estas campás solamente tocaron os toque de difuntos, porque non había que o fixera e porque o campaneiro nun entierro, nesta zona aínda hoxe, págao a funeraria.

No ano 2021 recuperáronse os toques do domingo e os festivos e dotáronse ás campás dunhas cordas axeitadas aos badais, que permiten a súa boa conservación e o toque dende a sala de campás e dende o adro da igrexa.

- Campás:

Campá pequena “Santa María”:







A campá ten a típica inscrición das campás galegas “JHS, MARÍA e JOSÉ” na parte superior e seguido a isto, pon “ANO DE 18834” o cal pode dar a pensar que foi un erro no molde ou que foi feita entre estes dous anos. No medio pé aparece a inscrición “Parroquia de Santa María de Leiro siendo párroco D. Ramón Álvarez. Ocampo me hizo en Arcos de la Condesa” Presenta gran

cantidad de gravados, incluso unha declaración de amor dun mozo chamado Santi pero a outra persoa é descoñecida. Tamén contén multitude de cordóns e cenefas decorativas.

A campá debe ser restaurada cambiando o cepo por un novo e cambiar a badal debido a que o actual está moi gastado. Debería ser dotada dunha panca para o bandeio e recuperar esta maneira de tocar.

Campa grande “Santa María”:







A campá presenta na parte superior a típica inscrición dos bronzes galegos “JHS, MARÍA E JOSÉ” e despois “ANO DE 1925” Esta campá, de igual maneira que a súa compañeira, presenta gran cantidade de gravados entre os que destacan: B. C. G. no medio, “SANTI” no medio pé, “RIVER 18 – 9 92” e “31 – 12 - 2015 ENRI – NOC...

A campá debe ser restaurada cambiando o xugo por un novo de iguais características.

Imaxes:



Fachada da igrexa.





A igreja e o seu entorno visto dende a estrada.



Campanario da igrexa e adro.





Campá pequena “Santa María” dende o adro.



Campá grande "Santa María" dende o adro.




Campá maior “Santa María”





Badal e interior da campá “Santa María”. Obsérvanse os gravados feitos no interior.






Campás cas cordas novas.



Campás cas cordas novas.



As campás



A igreja nos anos 60. Obsérvanse os antigos cepos das campás.



A igrexa nos anos 60. Obsérvanse os antigos cepos das campás e a corda atada á panca do cepo da campá pequena.





O campanario nos anos 60. Obsérvanse os antigos cepos das campás e a corda atada á panca do cepo da campá pequena.

Mateo Vázquez Ares 1-2-2022 (A Pobra do Caramiñal)